

Reconquista e repoboación (etapas da Reconquista, modelos de repoboación)

Tras a conquista da Península ibérica polos musulmáns, nas zonas montañosas do norte, pouco habitadas e de escaso interese para eles, foron xurdindo núcleos de resistencia cristiá que, ao longo da Idade Media, foron liberándose do dominio islámico e expandíndose cara ao sur. Este proceso coñécese como **Reconquista** porque se xustificou como a recuperación das terras que antes pertenceran á monarquía visigoda. Levouse a cabo en **varias etapas**:

1. Inicios (séculos VIII-X). Formación dunha serie de núcleos cristiáns independentes e, ás veces, enfrontados entre si. Na zona occidental, tras a batalla de Covadonga (722), naceu o reino asturiano, que, a partir do IX, daría lugar aos reinos de León e de Galicia e ao condado de Castela. Na oriental, creáronse o reino de Pamplona e os condados de Aragón e Barcelona, co apoio dos francos que formaran a **Marca Hispánica**. Nesta etapa, limitáronse a resistir e avanzar por zonas nas que non había ningún poder político claro, ao norte do Douro.

2. Avance na metade septentrional (século XI). Aproveitando a división do califato en taifas, os cristiáns retomaron con forza as súas campañas militares. Destacou o avance na parte occidental polo recén creado reino de Castela e León, primeiro ata o Douro (Fernando I, 1035) e logo ata Toledo, antiga capital visigoda, reconquistada por Alfonso VI en 1085.

3. Resistencia e estancamento (século XII). A chegada de almorábides e almohades freou o avance dos cristiáns, que continuaron coa súa reorganización interna: creación do reino de Navarra, da Coroa de Aragón (1137) e do reino independente de Portugal (1143).

4. Avance na metade meridional (século XIII). En 1212, tras a victoria na batalla das Navas de Tolosa, o dominio cristián sobre a Meseta quedou consolidado, abríndose o paso cara ao sur. En Aragón destacou Xaime I *o Conquistador*, que controlou Baleares e Valencia. En Castela, Fernando III *o Santo* e Afonso X *o Sabio* conquistaron Murcia e case toda Andalucía. Así, a finais do século XIII, toda a Península e as Baleares estaban baixo dominio cristián, coa excepción do reino nazarí de Granada, reconquistado polos Reis Católicos en 1492.

Paralelamente á reconquista das terras, produciuse a súa **repoboación** ou ocupación efectiva polos poderes cristiáns para habitalas e explotalas, seguindo modelos diferentes:

· **Antes do século X**, a modalidade predominante foi a **presura** ou *aprisio*, pola que o rei autorizaba a establecerse nun determinado territorio, que pasaba a ser propiedade de quen o ocupase e cultivase. Houbo dúas modalidades: a oficial, desenvolvida pola Coroa, e a privada, efectuada por nobres, eclesiásticos ou campesiños libres. Este sistema empregouse para repoboar, sobre todo, terras ermas ou pouco poboadas ao norte do Douro.

· **Entre os séculos X e XII**, o principal obxectivo dos reis foi crear novas vilas e atraer poboación. Para iso, recorreron, sobre todo nos vales do Douro e Ebro e na Meseta sur, ás **cartas de poboamento** e **cartas forais**, polas que se concedían privilexios forais a quen se establecese nelas (terras, liberación de taxas e obrigacións feudais, etc.).

· **A partir do século XIII**, recorreuse, sobre todo, aos **repartimentos**, concesións de lotes de terras que facían os reis á nobreza e ás Ordes militares (Calatrava, Santiago e Alcántara)

como pagamento polo seu apoio militar. Foi a modalidade máis empregada na repoboación da zona estremeña e do sur peninsular, onde deu lugar á formación de grandes latifundios.